

Volumen 7 nº 12, junio de 2022
Volume 7 nº 12, June 2022

Patóxenos Descritos en Galicia
Colletotrichum gloeosporioides Penz. & Sacc.

*Plant pathogens referenced in Galicia - Colletotrichum
gloeosporioides Penz. & Sacc*

Revisión Técnica – *Technical Revision*

J.L. Andrés Ares

Consultorías Noroeste S.C.



Patóxenos de plantas descritos en Galicia – *Colletotrichum gloeosporioides* Penz. & Sacc.

Plant pathogens referenced in Galicia – Colletotrichum gloeosporioides Penz. & Sacc.

J.L. Andrés Ares.

Consultorías Noroeste S.C.

Aprobado en maio de 2022

Revisión técnica – *Technical revision*

2445-1703(20220630)7:12<255:PDPDEG>1.0;CD;2-B

Artigo escrito en idioma galego – *Paper written in Galician language*

Resumo

No presente traballo de revisión o autor describe as características biolóxicas mais relevantes así como os métodos de control do patóxeno descrito en Galicia, *Colletotrichum gloeosporioides* Penz. & Sacc.

Palabras clave: Necroses foliares.

Abstract

In the present paper the author describes the most relevant biological aspects as well as management methods of the pathogen referenced in Galicia, Colletotrichum gloeosporioides Penz. & Sacc.

Key words: foliar spots.

1. Introducción

Trátase dun patóxeno foliar non considerado de gran incidencia en determinadas zonas produtivas de clima mais cálido pero que aparece con forza nas condicións de humidade e temperatura de Galicia.

Foi referenciado a nivel mundial sobre numerosas especies de cultivo como as herbáceas e leñosas ornamentais. En España foi referenciada nas seguintes especies de importancia agronómica: *Bauhinia purpurea*, *Olea europaea*, *Citrus limon*, *Citrus paradisi*, *Citrus reticulata*, *Citrus sinensis*, *Diospyros kaki*, *Eriobotrya japonica*, *Fragaria* × *ananassa*, *Glycine max*, *Microcitrus australasica*, *Dactylis glomerata*, *Malus domestica*, *Citrus* × *sinensis*, *Pyrus communis*, *Fragaria vesca*, *Camellia japonica*, *Camellia sasanqua*. En Galicia

foi referenciado como axente patóxeno clave do cultivo da camelia.

2. Descrición do patóxeno

Denominación segundo Index Fungorum: *Colletotrichum gloeosporioides* Penz & Sacc

Posición taxonómica: Glomerellaceae, Glomerellales, Hypocreomycetidae, Sordariomycetes, Pezizomycotina, Ascomycota.

Sinonimias:

- *Vermicularia locosporioides*.
- *Gloeosporium mangiferae*.
- *Gloeosporium affine* Sacc.
- *Colletotrichum annonicola*.